

ó cabo de dous anos por reembolso do capital prestado e por xuros.

Neste caso:

$$1.000 (1 + i_k)^0 = 600 (1 + i_k)^{-365/365} + 600 (1 + i_k)^{-730/365} = 600 (1 + i_k)^{-365,25/365,25} + 600 (1 + i_k)^{-730,5/365,25} = 600 (1 + i_k)^{-12/12} + 600 (1 + i_k)^{-24/12} = 600 (1 + i_k)^{-52/52} + 600 (1 + i_k)^{-104/52} = 600 (1 + i_k)^{-1} + 600 (1 + i_k)^{-2}$$

TAE = 0,13066.

Esta cantidade redondearase a 13,1 por 100 (ou a 13,07 por 100 se se prefire unha precisión de dúas cifras decimais).

4. Exemplo catro: unha persoa A préstalle a unha persoa B 1.000 euros, comprometéndose esta a realiza-los seguintes pagamentos por reembolso de capital e cargas financeiras para cancelalo.

a. Ós tres meses (0,25 anos/13 semanas/91,25 días/91,3125 días): 272 euros.

b. Os seis meses (0,5 anos/26 semanas/182,5 días/182,625 días): 272 euros.

c. Os doce meses (1 ano/52 semanas/365 días/365,25 días): 544 euros.

Total: 1.088 euros.

Neste caso:

$$1.000 = 272 (1 + i_k)^{-91,25/365} + 272 (1 + i_k)^{-182,5/365} + 544 (1 + i_k)^{-365/365} = 272 (1 + i_k)^{-91,3125/365,25} + 272 (1 + i_k)^{-182,625/365,25} = 544 (1 + i_k)^{-365,25/365,25} = 272 (1 + i_k)^{-3/12} + 272 (1 + i_k)^{-6/12} + 544 (1 + i_k)^{-12/12} = 272 (1 + i_k)^{-13/52} + 272 (1 + i_k)^{-26/52} + 544 (1 + i_k)^{-52/52} = 272 (1 + i_k)^{-0,25} + 272 (1 + i_k)^{-0,5} + 544 (1 + i_k)^{-1}$$

TAE = 0,13185.

Esta cifra redondearase a 13,2 por 100 (ou a 13,19 por 100 se se prefire unha precisión de dúas cifras decimais)."

Artigo décimo segundo. *Transposición ó ordenamento xurídico español da Directiva 98/27/CE no relativo á acción colectiva de cesación en materia de crédito ó consumo.*

Engádeselle un novo artigo 20 á Lei 7/1995, do 23 de marzo, de crédito ó consumo, do seguinte teor:

«Artigo 20. *Acción de cesación.*

1. Poderá exercerse a acción de cesación contra as condutas contrarias a esta lei que lesionen os intereses tanto colectivos como difusos dos consumidores e usuarios.

2. A acción de cesación diríxese a obter unha sentenza que condene o demandado a cesar na conduta contraria a esta lei e a prohibi-la súa reiteración futura. Así mesmo, a acción poder-se exercerse para prohibi-la realización dunha conduta cando esta finalizase ó tempo de exercer-la acción, se existen indicios suficientes que fagan teme-la súa reiteración de modo inmediato.

3. Estarán lexitimados para exercer-la acción de cesación:

a) O Instituto Nacional do Consumo e os órganos ou entidades correspondentes das comunida-

des autónomas e das corporacións locais competentes en materia de defensa dos consumidores.

b) As asociacións de consumidores e usuarios que reúnan os requisitos establecidos na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, ou, de se-lo caso, na lexislación autonómica en materia de defensa dos consumidores.

c) O ministerio fiscal.

d) As entidades doutros estados membros da Comunidade Europea constituídas para a protección dos intereses colectivos e dos intereses difusos dos consumidores, que estean habilitadas mediante a súa inclusión na lista publicada para tal fin no Diario Oficial de las Comunidades Europeas.

Os xuíces e tribunais aceptarán esta lista como proba da capacidade da entidade habilitada para ser parte, sen prexuízo de examinar se a súa finalidade e os intereses afectados lexitiman o exercicio da acción.

Tódalas entidades citadas neste artigo poderán constituírse como parte nos procesos promovidos por outra calquera de elas, se o xulgan oportuno para a defensa dos intereses que representan.»

Disposición transitoria única. *Tramitación dos procesos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

Os procesos iniciados polo exercicio das accións de cesación recollidas na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e na Lei 7/1998, do 13 de abril, de condicións xerais da contratación, que comezasen antes da entrada en vigor desta lei, continuaranse substanciado polos trámites do xuízo ordinario.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei.

Disposición derradeira única. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia que lle corresponde ó Estado de conformidade co artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución.

Polo tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20858 *REAL DECRETO 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas.* («BOE» 259, do 29-10-2002.)

Os requisitos sanitarios esixibles ás augas potables de consumo público e ás augas de bebida envasadas

viñan sendo regulados, respectivamente, mediante os reais decretos 1138/1990, do 14 de setembro, e 1164/1991, do 22 de xullo, modificado polo Real decreto 781/1998, do 30 de abril, disposicións estas que incorporaron ó ordenamento español as correspondentes directivas comunitarias 80/778/CEE, 80/777/CEE e 96/70/CE.

A Unión Europea, mediante a Directiva 98/83/CE, do Consello, do 3 de novembro de 1998, relativa á calidade das augas destinadas ó consumo humano, levou a cabo unha actualización da normativa ata agora vixente, dado o carácter transcendente que a idoneidade sanitaria das augas de bebida representa para a saúde humana. Perseguindo a uniformidade de criterios e esixencias aplicables ós dous tipos de augas mencionados, a citada directiva supón a regulación, nun ámbito común, de categorías que viñeran sendo obxecto, tanto na lexislación comunitaria como na nacional, de tratamento independente.

Sen embargo, aínda asumindo a conveniencia de as augas de consumo público e as envasadas obedeceren a criterios sanitarios comúns, o cal queda en todo caso garantido, parece conveniente, dadas as particularidades de cada unha de elas, mante-la regulación dunhas e outras mediante disposicións concordantes pero independentes, tal e como se veu facendo ata o momento.

Este real decreto incorpora ó ordenamento interno só aqueles aspectos da Directiva 98/83/CE que se refiren ás augas de bebida envasadas, como esixencias comúns ou como requisitos específicos, representando, por isto, unha transposición parcial da mencionada directiva.

Como consecuencia, levouse a cabo a refundición nun único texto do Real decreto 1164/1991, do 22 de xullo, da súa modificación polo Real decreto 781/1998, do 30 de abril, e das disposicións relativas ás augas de bebida envasadas da Directiva 98/83/CE.

Este real decreto ten carácter básico, conforme o establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e o artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, excepto o artigo 9, e as alíneas b) dos artigos 17 e 18, que se dictan en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de comercio exterior e sanidade exterior, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución.

Na súa elaboración foron oídos os representantes dos sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo; de Economía; de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2002,

DISPÓNDO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente disposición ten por obxecto definir, para os efectos legais, o que se entende por augas de bebida envasadas e fixar, con carácter obrigatorio, as normas de manipulación e elaboración, circulación, comercialización e, en xeral, a ordenación xurídica de tales produtos.

Será de aplicación, así mesmo, ás augas de bebida envasadas importadas.

Este real decreto obriga a tódolos industriais, comerciantes e, se for o caso, importadores de augas de bebida envasadas.

2. Quedan expresamente excluídas do ámbito desta disposición as seguintes augas:

- a) As que polas súas propiedades medicamentosas queden reguladas pola correspondente normativa específica.
- b) As distribuídas mediante rede de abastecemento público.

Artigo 2. *Denominacións e definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

A) Industriais de augas de bebida envasadas: aquelas persoas naturais ou xurídicas que, en uso das autorizacións concedidas polos organismos oficiais competentes, dedican a súa actividade á manipulación dos produtos definidos no presente artigo.

B) Augas de bebida envasadas: as distintas augas indicadas a seguir, que se comercializan envasadas e cumpren tódalas especificacións que para cada tipo de auga se establecen nesta disposición:

a) Augas minerais naturais: aquelas bacterioloxicamente sas que teñan a súa orixe nun estrato ou xacigo subterráneo e que abrollen dun manancial nun ou varios puntos de emerxencia, naturais ou perforados.

Estas poden distinguirse claramente das restantes augas potables:

1.º Pola súa natureza, caracterizada polo seu contido en minerais, oligoelementos e outros compoñentes e, en ocasións, por determinados efectos.

2.º Pola súa pureza orixinal.

Características estas que foron conservadas intactas, dada a orixe subterránea da auga, mediante a protección do acuífero contra todo risco de contaminación.

Para a utilización desta denominación, as augas deberán cumprilas características establecidas no anexo I e os requisitos de recoñecemento e autorización fixados no artigo 17 para este tipo de augas.

b) Augas de manancial: son as potables de orixe subterránea que emerxen espontaneamente na superficie da terra ou se captan mediante labores practicados para isto, coas características naturais de pureza que permiten o seu consumo.

Para a utilización desta denominación, as augas deberán cumprilas características establecidas no anexo I e os requisitos de recoñecemento e autorización fixados no artigo 18 para este tipo de augas.

c) Augas preparadas: son as sometidas ós tratamentos autorizados fisicoquímicos necesarios para reuniren as características establecidas no anexo I.

Para os efectos da súa denominación, deberán diferenciarlos seguintes tipos:

1.º Potables preparadas: cando procedan de manancial ou captación e fosen sometidas a tratamento para seren potables, perdendo así, se a tivesen, a cualificación de auga de manancial ou auga mineral natural e pasando a denominarse augas potables preparadas, non podendo optar de novo á cualificación de auga de manancial ou auga mineral natural.

2.º De abastecemento público preparadas: no suposto de teren a dita procedencia.

d) Augas de consumo público envasadas: son aquelas augas potables de consumo público, envasadas conxuntamente para distribución domiciliaria, co único obxecto de suplir ausencias ou insuficiencias acci-

o dentais das augas de consumo público distribuídas pola rede xeral. Deberán reuni-las características sinaladas no anexo I.

C) Microbismo normal da auga: é a flora bacteriana perceptiblemente constante, existente no manancial con anterioridade a calquera manipulación deste, e a composición cualitativa e cuantitativa do cal, tida en conta para o recoñecemento de tal auga, é controlada periodicamente mediante as análises pertinentes.

Artigo 3. *Requisitos das industrias.*

As industrias de envasamento de augas de bebida cumprirán obrigatoriamente, sen prexuízo no disposto no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas ós produtos alimenticios, os seguintes requisitos:

a) Relativos ás instalacións e equipamentos:

1.º O manancial ou a captación da auga e o seu perímetro de protección, así como os depósitos de almacenamento de auga, manteranse coas medidas preventivas adecuadas para evitar posibles contaminacións.

2.º Tódalas instalacións e equipamento de explotación e, en especial, a instalación ou instalacións de lavado e envasamento, deberán estar en perfectas condicións de hixiene.

3.º As augas conduciranse mediante canalizacións cerradas que deberán discorrer de forma que se evite a súa posible contaminación ou alteración. Así mesmo, limitaranse os empalmes e válvulas, cabos extremos ou outras derivacións ás necesariamente imprescindibles, debendo garanti-la imposibilidade de mestura con outras augas ou retornos á conducción da auga destinada a ser envasada.

4.º Toda a conducción da auga destinada a ser envasada deberá ser inspeccionable, quedando sinalizada de forma continua cunha banda branca e con frechas indicadoras da dirección de circulación do líquido. O resto das condicións de auga serán identificadas consonte o estipulado na norma UNE.1063.

5.º As instalacións do circuíto de envasamento deberán estar situadas no lugar máis próximo posible ó punto de captación, adecuadamente dispostas respecto do resto de dependencias e almacéns, e protexidas de modo que se evite toda posibilidade de contaminación durante o proceso de enchemento.

6.º Todo circuíto de conducción de auga destinada a ser envasada, e especialmente os depósitos e máquinas de enchemento, terán dispositivos que permitan unha eficaz limpeza e esterilización periódica, mediante vapor de auga ou produtos microbicidas autorizados para o seu emprego neste tipo de industrias.

7.º As instalacións industriais deberán cumprilos preceptos xerais e específicos dictados, para este tipo de industrias, polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e calquera outro organismo das administracións públicas, no ámbito da súas respectivas competencias.

b) Relativos ós locais:

1.º Tódolos locais destinados á elaboración, manipulación e envasamento estarán illados de calquera outro alleo á súa misión específica.

2.º Deberá disporse de locais ou localizacións independentes reservadas para almacenamento de envases e embalaxes, produtos para limpeza e esterilización, produtos terminados e almacenamento momentáneo de residuos e desperdicios.

Artigo 4. *Condicións do persoal.*

O persoal que traballe en tarefas de captación, manipulación, conducción, control e envasamento das augas obxecto desta disposición deberá cumprilo disposto no Regulamento de manipuladores de alimentos, aprobado mediante Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, que lle sexa de aplicación.

Artigo 5. *Esixencias dos materiais postos en contacto coa auga en calquera fase do proceso de envasamento.*

1. O equipamento de captación, as canalizacións, depósitos, envases e demais utensilios que en calquera momento do proceso entren en contacto coa auga de envasamento serán de materiais aptos para a súa utilización coa auga, con obxecto de evitar calquera alteración química, fisicoquímica ou microbiolóxica daquela.

2. Estes materiais deberán ser inatacables polos compostos integrantes da auga, circunstancia que se terá en conta especialmente coas augas carbónicas.

Artigo 6. *Requisitos do proceso de envasamento e dos envases.*

O proceso de envasamento e os envases deberán cumprilos seguintes requisitos:

a) Relativos ó proceso de envasamento:

1.º Tanto a propia operación de envasamento e fecho como o lavado, aclarado e hixienización ou esterilización previa dos envases, recuperables ou non, efectuarase sempre mediante sistemas automáticos, procedementos acordes coas boas prácticas de fabricación e, no caso de procedelo seu uso, con produtos autorizados para o correspondente fin na industria alimentaria.

2.º En calquera caso, os envases fabricaranse ou trataranse de forma que se evite calquera alteración das características bacteriolóxicas e químicas das augas.

3.º Os envases recuperables e non recuperables fabricados ou almacenados fóra da mesma industria de envasamento de auga e, nos outros supostos de envases, terán que se someter a un proceso de tratamento que garanta a súa limpeza externa e interna e a súa hixienización ou esterilización industrial interna. Así mesmo, os dispositivos de fecho trataranse, sempre que for necesario, co mesmo fin e de acordo co sistema de análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC) establecido en cada instalación envasadora e de acordo co Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas ós produtos alimenticios.

4.º O nivel de tolerancia do volume contido será acorde co establecido no Real decreto 723/1988, do 24 de xuño, polo que se aproba a norma xeral para o control do contido efectivo dos produtos alimenticios envasados.

b) Relativos ós envases:

1.º Todo recipiente utilizado para envasar augas deberá estar provisto dun dispositivo de fecho, non reutilizable, deseñado para evitar toda posibilidade de falsificación ou de contaminación.

2.º Os envases deberán estar exentos de fisuras, roturas ou defectos que poidan altera-la auga ou presentar perigo para os consumidores, non podéndose reutilizar para sucesivos enchementos os considerados como perdidos ou non recuperables.

3.º A capacidade máxima autorizada dos envases será de 10 litros, debéndose adoptar para as capacidades intermedias os volumes establecidos para as augas de bebida na alínea 8.a) do anexo I do Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e capacidades nominais para determinados produtos envasados, na redacción dada á dita alínea polo Real decreto 151/1994, do 4 de febreiro.

4.º Sen prexuízo do anterior, poderanse utilizar, mediante os aparellos dispensadores correspondentes, envases con capacidades superiores a 10 litros nas augas de bebida envasadas cando estes estean destinados exclusivamente a colectividade. O seu contido non poderá ser redistribuído en ningún caso, directamente ou mediante dispositivos dispensadores, noutros de menor capacidade destinados ó consumidor final, nin se autorizarán prácticas de reencheamento ou reposición do contido, debéndose renovar mediante substitución exclusivamente por outros íntegros e completos.

c) Tipos de envases en atención ó número de utilización: en atención ó número de utilizacións, poderá haber os seguintes tipos de envases:

1.º Recuperables ou de retorno: son os susceptibles dunha perfecta limpeza e esterilización industrial antes de se utilizaren novamente.

2.º Non recuperables ou perdidos: corresponden ós fabricados para un só uso, en función das características específicas dos materiais utilizados.

Artigo 7. *Distribución e venda.*

1. Nas fases consideradas, incluído o transporte, as augas obxecto desta disposición unicamente se poderán comercializar en envases destinados para a súa distribución ó consumidor final, debidamente etiquetados e fechados. Nos locais de hostalería ou restauración, os envases débense abrir en presenza do consumidor.

2. Queda prohibido o transporte ou almacenamento das augas envasadas xunto con substancias tóxicas, pesticidas, biocidas e produtos contaminantes.

3. A desinfección de toda clase de almacéns e medios de transporte será obrigatoria e será efectuada polo persoal idóneo, cos procedementos aprobados polas disposicións correspondentes.

4. As augas de consumo público envasadas só se poderán distribuír conxunturalmente e de forma gratuíta en casos de urxencia, logo de autorización da autoridade sanitaria competente.

Artigo 8. *Intercambio intracomunitario das augas minerais naturais e augas de manancial.*

No caso de que unha auga mineral natural ou de manancial non se axuste ó disposto na presente disposición ou supoña un risco para a saúde pública, a pesar de circular libremente nun ou en varios dos Estados membros da Unión Europea, poderase suspender ou limitar temporalmente a comercialización dese produto en territorio nacional.

Informarase disto inmediatamente os demais Estados membros e a Comisión da Unión Europea, indicando os motivos que xustifiquen tal decisión e solicitando, conforme o establecido na Directiva 96/70/CE, toda a información pertinente relativa ó recoñecemento da auga, xunto cos resultados dos controis periódicos.

Artigo 9. *Importacións provenientes de países non pertencentes á Unión Europea.*

1. As augas minerais naturais e as augas de manancial deberán cumprir, para a súa importación, o disposto nas alíneas 17.b) e 18.b) da presente disposición.

2. Por outra parte, o establecido na presente disposición enténdese sen prexuízo do disposto nos tratados ou convenios internacionais sobre a materia e que resulten de aplicación en España.

Artigo 10. *Rexistros administrativos.*

1. Relativos ás industrias: as industrias dedicadas á actividade regulada por esta disposición, instaladas no territorio nacional, deberán cumprilo disposto no Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, sobre rexistro sanitario de alimentos.

2. Relativos ós produtos:

a) Están obrigadas ó requisito de inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos as augas minerais naturais e as augas de manancial, definidas no artigo 2, cando a súa extracción se efectúe no territorio nacional ou no de países non pertencentes á Unión Europea.

Non obstante, cando as augas minerais naturais e as augas de manancial procedentes de países terceiros fosen recoñecidas como tales por outro Estado membro, e se publicasen os recoñecementos no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas», estarán exentas da súa inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos.

b) O recoñecemento do dereito á utilización de determinadas denominacións de augas, establecidas nos artigos 17 e 18, constitúe un requisito previo ás actuacións rexistradas.

Artigo 11. *Autocontrois e rexistro de análises.*

1. Natureza, periodicidade e incidencia:

a) Coa periodicidade necesaria estimada polo envasador en atención ás características da industria, e sempre que se detecten anomalías sanitarias, efectuarase o correspondente estudo dos posibles puntos de risco causantes de contaminacións, sometendo a control periódico os factores estimados convenientes para evitar aquelas.

b) Se durante a explotación se comprobase que a auga está contaminada e non posúe os parámetros e as características microbiolóxicas e químicas a que fan referencia os anexos I e IV desta disposición, a persoa física ou xurídica que explote o manancial ou a industria deberá interromper de inmediato a actividade de envasamento ata ter eliminado a causa de contaminación e a auga resultar conforme coas características indicadas anteriormente.

c) Os correspondentes controis analíticos incluírán como mínimo as seguintes determinacións nos períodos máximos citados:

1.º Para as augas minerais naturais, polo menos cada cinco anos, a auga dos puntos de emerxencia deberá ser controlada mediante unha análise completa físico-química e de posibles contaminantes, de acordo co exposto na parte B do anexo IV desta disposición.

Para as augas preparadas e augas de manancial, a frecuencia de mostraxe e as análises que se realicen axustaranse ó disposto nos cadros A e B do anexo V, así como á parte B do anexo IV desta disposición.

o

2.º Para as augas minerais naturais, deberase controlar a auga, polo menos trimestralmente, e a súa análise comprenderá, como mínimo, tódalas determinacións microbiolóxicas previstas nesta disposición e as físico-químicas indicadoras de posible contaminación, a condutividade, segundo o disposto no anexo IV deste real decreto, así como os compoñentes maioritarios e aqueles parámetros que caractericen esa auga.

Para as augas preparadas e augas de manancial, axustarase ó disposto nos cadros A e B do anexo V, así como ó anexo IV desta disposición.

3.º En cada xornada laboral deberanse realizar análises sobre mostras de produto terminado que comprenderán, polo menos, os parámetros indicadores de contaminación microbiolóxica.

4.º Para os efectos de control de calidade, fíxanse os parámetros indicadores sinalados na parte C do anexo IV desta disposición, coas excepcións que se indican nel, debendo incluír no control os requisitos mínimos establecidos no anexo V deste real decreto. A análise dos parámetros axustarase ás especificacións sinaladas no anexo VI desta disposición.

d) Ante riscos sanitarios por transmisión hídrica, a autoridade sanitaria competente poderá esixir ás empresas envasadoras de auga de bebida a realización das análises e controis que en cada caso aquela determine.

e) As análises poderán ser realizadas, total ou parcialmente, nun laboratorio propio, na mesma instalación de envasamento ou nun laboratorio alleo a ela e debendo, en calquera caso, quedar asegurada a debida competencia técnica dos laboratorios e a calidade dos resultados analíticos.

f) Así mesmo, nos casos en que se leve a cabo unha desinfección, no proceso da auga potable preparada, débese verificar a eficacia do tratamento desinfectante, así como calquera contaminación xerada por produtos derivados da desinfección.

2. Libro rexistro de análises:

a) En cada industria de envasamento de augas levase un libro rexistro de análises no que se reflectirán os resultados físico-químicos e microbiolóxicos realizados de acordo coa presente disposición, así como os de control de calidade que se realicen. O libro de rexistro de análise cumprirá como mínimo co contido do modelo aprobado por resolución do 25 de xaneiro de 1982, pola que se aproba o modelo de libro rexistro de análises para as industrias de augas de bebida envasadas.

b) O libro será dilixenciado pola autoridade sanitaria competente para efectuar as correspondentes inspeccións.

Artigo 12. *Inspeccións.*

As autoridades competentes nesta materia establecerán os controis periódicos procedentes con obxecto de velar polo cumprimento do disposto nesta disposición e, en especial, os relativos a comprobar:

a) Se as augas se axustan ó disposto nos anexos desta disposición.

b) Se se cumpren as estipulacións referentes á prevención de contaminacións e, en particular, as relativas ós autocontrois establecidos no artigo 11.

c) Se as augas procedentes das fontes ou mananciais, a explotación das cales fose autorizada, se axustan ó disposto no artigo 17 ou 18, se for o caso.

Artigo 13. *Métodos de análise e toma de mostras.*

1. Serán de aplicación os correspondentes métodos oficiais de análise e de toma de mostras que se establezan para a determinación dos diferentes parámetros analíticos dos produtos contemplados na presente disposición.

2. En particular, as análises dos parámetros axustarase ás especificacións sinaladas no anexo VI desta disposición, así como ós métodos aprobados pola orde do 8 de maio de 1987, pola que se aproban os métodos oficiais de análises microbiolóxicas para a elaboración, circulación e comercio das augas de bebida envasadas que non estean incluídos no citado anexo VI.

3. En ausencia de métodos oficiais de toma de mostras ou para os parámetros para os que non existan métodos oficiais de análise, poderán ser utilizados os correspondentes métodos aprobados por organismos nacionais e internacionais de recoñecida solvencia.

4. Non obstante, poderanse utilizar outros métodos distintos dos que figuran no número 1 do anexo VI desta disposición, sempre que se poida demostrar que os resultados obtidos serán polo menos tan fiables como os producidos polos métodos especificados. Cando se aplique un método distinto dos sinalados, débese facilitar toda a información de interese sobre ese método e a súa equivalencia ás autoridades competentes, cando así o soliciten.

5. Para os parámetros enumerados nos números 2 e 3 do citado anexo VI poderase utilizar calquera método de análise sempre que cumpra os requisitos fixados neles.

Artigo 14. *Responsabilidades.*

Sen prexuízo do establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, establécense as seguintes responsabilidades:

a) A empresa envasadora será responsable de que a auga que se entregue para a súa distribución se axuste ás características acreditadas no expediente de rexistro sanitario e ó disposto nesta disposición.

b) Tamén corresponde á empresa envasadora, salvo proba en contrario, a responsabilidade inherente á identidade, integridade, calidade e composición do produto contido en envases fechados e non deteriorados.

c) Corresponde ó posuidor do produto, unha vez aberto o envase, a responsabilidade inherente á identidade e posibles deterioracións que poida experimentar o seu contido.

d) Tamén corresponde ó posuidor do produto a responsabilidade das deterioracións sufridas polo contido dos envases fechados como consecuencia da súa defectuosa conservación ou indebida manipulación.

Artigo 15. *Réxime sancionador.*

1. Será de aplicación ó disposto neste real decreto en materia de procedemento, o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción

agroalimentaria, así como nas súas normas de desenvolvemento.

2. Sen prexuízo doutra normativa que puidese resultar de aplicación, as infraccións cometidas contra o establecido nesta disposición serán obxecto de sanción administrativa despois da instrución do oportuno expediente administrativo, de acordo co previsto no capítulo VI do título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade:

a) En virtude do establecido no artigo 35.b).1 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, considérase falta grave os incumprimentos das prescricións establecidas nos ordinais a).2.º do artigo 3; o número 1 do artigo 5; os ordinais a).1.º e a).2.º do artigo 6; a alínea 1.c) do artigo 11 e a alínea d) do artigo 20 da presente disposición, sempre que non entrañen riscos directos e graves para a saúde dos consumidores.

b) Así mesmo, consonte o disposto no artigo 35.C).1.º da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, considerarase falta moi grave o incumprimento das prescricións establecidas nos ordinais a).2.º do artigo 3; o número 1 do artigo 5; o ordinal a).1.º e a).2.º do artigo 6; a alínea 1.c) do artigo 11, e a alínea d) do artigo 20 deste real decreto, cando entrañen riscos graves e directos para a saúde dos consumidores, así como os relativos ó establecido na alínea 1.b) do artigo 11.

Artigo 16. *Especificacións.*

1. As augas envasadas descritas no artigo 2, que son obxecto da presente disposición, deberán cumprilas especificacións contidas no anexo I.

2. O anhídrido carbónico utilizado para reforzar ou gasifica-las augas ás que se refire o artigo 2 deberá cumprir cos criterios de pureza establecidos no referido anexo I.

Artigo 17. *Recoñecemento do dereito á utilización da denominación de «auga mineral natural».*

Para este tipo de augas establécense os seguintes requisitos, en función da súa procedencia de extracción:

a) Nacionais:

1.º A solicitude de recoñecemento presentarase ante a autoridade competente da comunidade autónoma correspondente. En caso de que o manancial ou captación se encontre en terreo que afecte a máis dunha comunidade autónoma ou que, por calquera outra causa, o expediente afectase a máis dunha comunidade autónoma, o órgano competente será o Ministerio de Economía.

2.º A solicitude deberá ir acompañada da documentación recollida no anexo II da presente disposición.

3.º A autoridade competente cumprirá o procedemento establecido na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, solicitando os informes que procedan. Á vista das actuacións realizadas, procederá ó recoñecemento da auga obxecto da solicitude como auga mineral natural. Este recoñecemento, debidamente motivado, deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado». O recoñecemento poderase revogar no suposto de se comproba-lo incumprimento das esixencias impostas nesta disposición a este tipo de augas.

4.º Realizada a publicación, a autoridade responsable do recoñecemento informará del o Ministerio de Sanidade e Consumo, que o porá en coñecemento da Comisión da Unión Europea con obxecto da súa publicación no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

b) Países non pertencentes á Unión Europea:

1.º Poderán ser recoñecidas directamente polo Estado español cando a autoridade habilitada para tal efecto no país de extracción certifique que esas augas se axustan ó disposto no número 1.4.1 do anexo II, e que se procedeu ó control permanente da aplicación das disposicións indicadas no número 1.4.2 do referido anexo II.

2.º A validez do certificado a que se refire o parágrafo anterior non poderá ser superior a cinco anos. Non será necesario proceder de novo ó recoñecemento anteriormente mencionado se o certificado expedido pola autoridade do país de orixe fose renovado antes de finaliza-lo citado período.

3.º O correspondente recoñecemento será efectuado polo Ministerio de Sanidade e Consumo, será debidamente motivado e deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado», incluíndo polo menos os datos do país de orixe e os de identificación establecidos para as augas nacionais. Este ministerio porá en coñecemento da Comisión da Unión Europea, con obxecto da súa publicación no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

c) Outros Estados membros da Unión Europea: recoñécese como augas minerais naturais as incluídas con tal denominación no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

Artigo 18. *Recoñecemento do dereito á utilización da denominación de «auga de manancial».*

Para este tipo de augas deberán cumprirse os seguintes requisitos, segundo as súas procedencias de extracción:

a) Nacionais:

1.º A solicitude de recoñecemento presentarase perante a autoridade competente da comunidade autónoma correspondente, acompañada, polo menos, das análises e estudos indicados no número 2 do anexo II. En caso de que o manancial ou captación se encontre en terreo que afecte a máis dunha comunidade autónoma ou que, por calquera outra causa, o expediente afectase a máis dunha comunidade autónoma, o órgano competente será o Ministerio de Economía.

2.º Efectuadas as comprobacións que se consideren necesarias para constata-lo cumprimento dos requisitos esixidos a estas augas, a autoridade competente da comunidade autónoma seguirá o procedemento establecido no número a).3.º do artigo 17 e procederá, se é o caso, ó recoñecemento, debidamente motivado, da auga obxecto da solicitude como auga de manancial. Este recoñecemento deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e pódese revogar no suposto de que se comprobese o incumprimento das esixencias impostas pola presente disposición a este tipo de augas.

3.º Efectuada a publicación, a autoridade responsable do recoñecemento informará del o Ministerio de Sanidade e Consumo.

b) Países non pertencentes á Unión Europea:

1.º As augas de manancial orixinarias destes países poderán ser recoñecidas polo Estado español cando teñan esta mesma cualificación no país de orixe. A autoridade habilitada para estes efectos deberá certificar que as súas características se axustan ó disposto na presente disposición.

2.º Esta certificación terá validez por un tempo máximo de cinco anos, requirindo a súa periódica renovación.

o 3.º Respecto ó procedemento de tramitación do recoñecemento, seralle de aplicación o establecido no artigo 17.

c) Outros Estados membros da Unión Europea: quedan recoñecidas como augas de manancial as augas legalmente comercializadas no país de extracción, coa súa propia denominación.

Artigo 19. *Manipulacións permitidas.*

Estarán permitidas as seguintes manipulacións:

A) Augas minerais naturais e augas de manancial:

1. Permítese a separación de elementos naturais inestables, tales como os compostos de xofre e ferro, por filtración ou decantación, precedida, se é o caso, de oxixenación, sempre que este tratamento non teña por efecto modifica-la composición daqueles constituíntes da auga que lle confiren as súas propiedades esenciais.

2. Permítese a separación dos compostos de ferro, manganeso e xofre, así como o arsénico, en determinadas augas minerais naturais e de manancial, por aire enriquecido con ozono, a condición de que este tratamento non altere a composición da auga no que respecta a aqueles compoñentes esenciais que confiren a esta as súas propiedades e sempre que:

a) O tratamento se notifique ás autoridades sanitarias competentes e estea sometido a un control específico por parte destas.

b) Se teñan en conta as condicións que se establezan sobre o uso do tratamento con aire enriquecido con ozono. En canto non sexan reguladas estas condicións, a empresa utilizadora deste tratamento, xa sexa persoa física ou xurídica, será responsable de que se leve a cabo sen risco sanitario ningún, limitando, en todo caso, o máximo posible a formación de subproductos, así como os niveis de ozono residual na auga tratada.

3. Permítese a separación doutros compoñentes non desexados distintos ós enumerados nos números A).1 e A).2 deste artigo, sempre que este tratamento non altere a composición da auga no que respecta ós compoñentes esenciais que confiren a esta as súas propiedades e sempre que:

a) O tratamento se notifique ás autoridades sanitarias competentes e estea sometido a un control específico por parte destas.

b) O tratamento se leve a cabo sen risco sanitario ningún para o consumidor e estea suficientemente xustificado tecnoloxicamente.

4. Permítese a eliminación total ou parcial do anhídrido carbónico libre por procedementos exclusivamente físicos.

5. Permítese a incorporación ou reincorporación de anhídrido carbónico, sempre que este proceda da mesma camada freática ou do mesmo xacigo ou cumpra as especificacións establecidas no artigo 16.

6. Admítense os efectos derivados da evolución normal da auga durante a conducción e envasamento, tales como a variación de temperatura, radioactividade, gases disoltos e outros.

7. Queda permitida a utilización destas augas na fabricación de bebidas refrescantes analcohólicas.

B) Augas preparadas:

1. Permítese efectua-los tratamentos fisicoquímicos necesarios, tales como decantación, filtración, cloración,

ozonización e desinfección, sempre que as impurezas asociadas ás substancias e materiais utilizados non permanezan na auga destinada ó consumo en concentracións superiores ó que é necesario para cumprilo disposto no anexo IV, e sempre que non supoña directa ou indirectamente un menoscabo da saúde humana.

2. As substancias que sexa necesario utilizar nos distintos procesos de tratamento da auga deberán estar autorizadas para os fins e nas proporcións que se indican na lista de aditivos aprobada para tratamentos de augas potables de consumo público.

C) Augas de consumo público envasadas: permíten-se os tratamentos autorizados para a auga distribuída mediante rede de abastecemento público.

Artigo 20. *Manipulacións prohibidas.*

Quedan prohibidas as manipulacións seguintes:

a) Comercializar augas procedentes do mesmo manancial ou captación baixo distintas marcas ou designacións comerciais.

b) Transporta-la auga para envasar por medios distintos da conducción fechada e continua.

c) Efectuar manipulacións distintas ás autorizadas respectivamente para cada tipo de augas.

d) Especificamente, nas augas minerais naturais e de manancial, queda prohibido efectuar tratamentos de desinfección, así como a adición de elementos bacteriostáticos ou calquera outro tratamento que teña como finalidade a desinfección ou modifica-lo contido en microorganismos destas augas.

e) As augas minerais naturais, así como ás de manancial, non se lles poderán engadir produtos distintos ó anhídrido carbónico incorporado ou reincorporado, de acordo co establecido no número A).5. do artigo 19.

Artigo 21. *Etiquetaxe e publicidade.*

Á etiquetaxe dos envases de auga de bebida envasada seralle de aplicación o disposto na Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios envasados, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, e a súa modificación polo Real decreto 238/2000, do 18 de febreiro, coas seguintes particularidades:

A) Augas minerais naturais:

1. Denominación de venda. A denominación de venda será «auga mineral natural» ou as establecidas a seguir para os supostos previstos nos números A).4 e A).5 do artigo 19. Nestes supostos utilizaranse as seguintes denominacións:

a) «Auga mineral natural naturalmente gasosa» ou «auga mineral natural carbónica natural», para aquela cun contido en anhídrido carbónico, unha vez envasada, igual ó que tivese no punto ou puntos de emerxencia. O gas engadido para substituír, se é o caso, o liberado durante o proceso de envasamento deberá proceder do mesmo manancial.

b) «Auga mineral natural reforzada con gas do mesmo manancial», para aquela cun contido en anhídrido carbónico, unha vez envasada, superior ó que tivese no punto ou puntos de emerxencia. O gas engadido procederá do mesmo manancial que a auga de que se trata.

c) «Auga mineral natural con gas carbónico engadido», para aquela á que se lle engadiu anhídrido carbónico non proveniente do mesmo manancial que a auga de que se trata.

d) «Auga mineral natural totalmente desgasificada», para aquela á que se lle eliminou o gas carbónico libre por procedementos exclusivamente físicos.

e) «Auga mineral natural parcialmente desgasificada», para aquela á que se lle eliminou parcialmente o gas carbónico libre por procedementos exclusivamente físicos.

2. Incluirase o nome do manancial ou captación e o lugar de explotación. No caso de que a procedencia da auga sexa nacional débese acrecentar, ademais, o termo municipal e provincia en que se encontra situado o manancial ou captación.

3. Ós termos mencionados no número anterior poderáselles acrecentar unha marca ou signo distintivo, no texto do cal poderá figura-lo nome dunha localidade, aldea ou lugar, sempre e cando este nome se refira a unha auga mineral natural da que o manancial ou captación sexa explotada no lugar indicado por esa designación comercial e a condición de que isto non induza a erro sobre o lugar de explotación do manancial ou captación nin entre en competición coa denominación orixinal da auga.

No caso de non coincidi-la marca ou signo distintivo elixido co nome do manancial ou captación, ou co lugar de explotación, o maior tamaño dos caracteres utilizados na designación comercial debe ser unha vez e media menor que aqueles cos que figure o manancial ou captación ou o lugar de explotación, tanto na etiquetaxe como nas inscricións dos envases.

4. Prohíbese a comercialización con diversas designacións comerciais dunha auga mineral natural que proceda dun mesmo manancial.

5. Incluirase obrigatoriamente unha indicación da composición analítica que enumere os seus compoñentes característicos.

6. Débese incluír información sobre os tratamentos enumerados nos números A).2 e A).3 do artigo 19, no caso de que fosen efectuados.

7. As autoridades sanitarias competentes determinarán a obriga de incluír nas etiquetas e na publicidade advertencias relativas a contraindicacións para determinados sectores da poboación.

8. Optativamente pódese cita-la súa temperatura mediante a medición «temperatura no punto de emerxencia... °C» se a auga é termal, e a súa data de declaración como mineral natural ou de utilidade pública e, igualmente, pode figurar un curto texto relativo ás características da auga, entre os detallados no anexo III.

9. En materia de publicidade serán de aplicación os criterios establecidos nos números A).2 e A).3 deste artigo, así como o disposto no Real decreto 1907/1996, do 2 de agosto, sobre publicidade e promoción comercial de produtos, actividades ou servicios con pretendida finalidade sanitaria.

B) Augas de manancial:

1. Denominación de venda. A denominación de venda será «auga de manancial», en forma destacada. Nos casos previstos nos números A).4 e A).5 do artigo 19, incluíranse, ademais, as mencións «gasificada» ou «desgasificada», segundo proceda.

2. Aplicaráselles igualmente a estas os criterios establecidos nos números A).2, A).3, A).4, A).6 e A).9 deste artigo.

3. Para as augas de procedencia nacional, incluírase o termo municipal e provincia nos que se encontra situado o manancial ou captación.

4. A toda forma de publicidade das augas de manancial seranlle aplicables «mutatis mutandis» e coa mesma finalidade, as disposicións do número B).2 deste artigo, relativas á importancia dada ó nome do manancial ou captación ou ó lugar de explotación con respecto á indicación da marca ou signo distintivo.

C) Augas potables preparadas:

1. Auga potable preparada, procedente de manancial ou captación:

a) Denominación de venda. A denominación de venda será «auga potable preparada», en forma destacada. Se se lle engadiu ou eliminou anhídrido carbónico, incluíranse ademais as mencións «gasificada» ou «desgasificada», segundo proceda.

b) Poderase acrecentar unha marca ou signo distintivo que, en tal caso, deberá figurar en caracteres cunha altura e largura iguais ou inferiores ó menor dos caracteres utilizados para a denominación de venda.

2. Auga de abastecemento público preparada:

a) Denominación de venda. A denominación de venda será «auga de abastecemento público preparada», en forma destacada. Se se engadiu anhídrido carbónico, incluírase a mención «gasificada».

b) Poderase acrecentar unha marca ou signo distintivo que, en tal caso, deberá figurar en caracteres cunha altura e largura iguais ou inferiores ó menor dos caracteres utilizados para a denominación de venda.

Artigo 22. *Prohibicións xerais en relación coa etiquetaxe e rotulación.*

Prohíbese:

a) Inscribi-los datos obrigatorios unicamente en precintos, cápsulas, rollas e outras partes que se inutilicen ó abri-lo envase.

b) A utilización de indicacións, denominacións, marcas, imaxes ou outros signos, figurativos ou non, que:

1.º Estean prohibidos expresamente de acordo co establecido na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

2.º No caso das augas minerais naturais, evoquen características que estas non posúan, especialmente no que se refire á súa orixe, á data da autorización de explotación, ós resultados das análises ou outras referencias análogas ás garantías de autenticidade.

3.º No caso das demais augas envasadas, poidan crear confusión cunha auga mineral natural e, en particular, a mención «auga mineral», a palabra «mineral», ou as derivadas dela.

c) Toda indicación, denominación, marca, imaxe ou símbolo, figurativo ou non, que atribúa a calquera auga propiedades de prevención, tratamento ou curación dunha enfermidade humana.

d) No caso de auga de manancial, potable preparada, de abastecemento público preparada ou de consumo público envasada, toda indicación, denominación, marca, imaxe ou símbolo, figurativo ou non, que suxira accións fisiolóxicas específicas ou que induza a erro respecto da súa orixe.

o

e) A inclusión de datos analíticos na etiquetaxe de auga de manancial, potable preparada, de abastecemento público preparada e de consumo público envasada.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

As augas preparadas e de manancial, comercializadas ou etiquetadas conforme a lexislación vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, poderanse comercializar ata o 1 de xaneiro de 2004, aínda que non se axusten ó disposto nel.

Para as augas minerais naturais, comercializadas ou etiquetadas conforme a lexislación vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, non serán esixibles os parámetros recollidos na parte B do anexo IV ata o día 1 de xaneiro de 2004, salvo nova disposición comunitaria en contrario.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 1164/1991, do 22 de xullo, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, e a súa modificación polo Real decreto 781/1998, do 30 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico, conforme o establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, excepto o artigo 9 e as alíneas b) dos artigos 17 e 18 que se dictan en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de comercio exterior e sanidade exterior, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Características esixidas ós diferentes tipos de augas

As augas ás que se refire o presente anexo deberán cumprilas respectivas especificacións que a seguir se indican:

1. Augas minerais naturais.

1.1 Características xerais.

1.1.1 Ademais das características indicadas no número B).a) do artigo 2 da presente disposición, a composición, a temperatura e as restantes características esenciais da auga mineral natural deberanse manter

constantes, dentro dos límites impostos polas fluctuacións naturais. En concreto, non se deberán ver afectadas por posibles variacións do caudal do manancial.

1.1.2 Para os efectos desta disposición, enténdese por composición constante a permanencia do tipo de mineralización, característica determinada polos compoñentes maioritarios e, se é o caso, por aqueles outros parámetros que caractericen a auga.

1.2 Especificacións de diversa natureza.

1.2.1 Organolépticas: non deberán presentar ningún defecto desde o punto de vista considerado, cheiro, sabor, cor, turbidez ou sedimentos, alleos ás características propias de cada auga.

1.2.2 Microbiolóxicas e parasitolóxicas:

1. Nos puntos de emerxencia, o contido total de microorganismos revivificables dunha auga mineral natural deberase axustar ó seu microbismo normal e manifestar unha protección eficaz do manancial contra toda contaminación. O contido total de microorganismos revivificables non debería normalmente superar, respectivamente, 20 colonias por mililitro despois de incubación a 20-22 °C durante setenta e dúas horas e 5 colonias por mililitro despois de incubación a 37 °C durante vinte e catro horas, dando por suposto que estes valores se deberán considerar como datos e non como concentracións máximas.

2. Despois do envasado, o dito contido non poderá pasar de 100 colonias por mililitro despois de incubación a 20-22 °C durante setenta e dúas horas en placas de ágar-ágar ou de mestura ágar-xelatina, e de 20 colonias por mililitro despois de incubación a 37 °C durante vinte e catro horas en placas de ágar. A contaxe deberase efectuar nas doce horas seguintes ó envasamento; durante este tempo, a auga deberase manter a unha temperatura entre 4 °C e 1 °C.

3. Tanto nos puntos de emerxencia como durante a súa comercialización unha auga mineral natural deberá estar exenta de:

- Parasitos e microorganismos patóxenos.
- «Escherichia coli» e outros coliformes, e de estreptococos fecais, en 250 mililitros da mostra examinada.
- Clostridios sulfitorreductores, en 50 mililitros da mostra examinada.
- Pseudomonas aeruginosa, en 250 mililitros da mostra examinada.

4. Sen prexuízo do establecido nos anteriores parágrafos, o contido total de microorganismos revivificables da auga mineral natural soamente poderá resultar da evolución normal do contido en xermes que tivese nos puntos de emerxencia.

1.2.3 Químicas:

1. Deberán cumprir, polo menos, as especificacións relativas ós parámetros químicos establecidos na parte B do anexo IV da presente disposición, coas excepcións previstas nel.

2. Cando a autoridade sanitaria competente considere que algunha das particularidades dunha auga determinada poida resultar contraindicada para un sector da poboación, poderá denegar a súa autorización de envasamento ou obrigar a efectuarla advertencia na etiqueta prevista no anexo III.

1.2.4 De pureza: non excederán dos límites de detección as substancias seguintes: cloro residual, compostos fenólicos, axentes tensioactivos, difenilos clora-

dos, aceites, graxas e calquera outro produto non contemplado na parte B do anexo IV da presente disposición, en canto sexan indicadores de posible contaminación.

2. Augas de manancial.

1. Características xerais. Ademais dos aspectos básicos recollidos na alínea B).b) do artigo 2 da presente disposición, a súa composición e restantes características esenciais deberán manterse constantes, dentro dos límites impostos polas fluctuacións naturais.

2. Especificacións de diversa natureza:

a) Microbiolóxicas e parasitolóxicas: cumprirán os criterios fixados para as augas minerais naturais no número 1.2.2 do presente anexo.

b) Restantes especificacións: seranlles de aplicación polo menos as establecidas no anexo IV da presente disposición.

3. Augas preparadas.

1. Especificacións microbiolóxicas e parasitolóxicas:

a) Nos puntos de emerxencia, deberán cumprirlos requisitos establecidos para as augas destinadas á produción de auga potable de consumo público, antes de se efectuaren tratamentos, de acordo co establecido na orde do 11 de maio de 1988, sobre características básicas de calidade que deben ser mantidas en correntes de auga superficiais cando sexan destinadas á produción de augas potables.

b) Efectuada a preparación, cumprirán as esixencias establecidas para as augas minerais naturais no número 1.2.2 do presente anexo, aplicando á fase de finalización do tratamento os criterios que figuran no epígrafe 1 do dito número.

2. Restantes especificacións. Seranlles de aplicación, polo menos, as establecidas para as augas potables de consumo público no anexo IV da presente disposición.

4. Augas de consumo público envasadas.

En tódalas súas especificacións deberán axustar, polo menos, ó establecido para as augas potables de consumo público nos anexos IV, V e VI da presente disposición.

5. Criterios de pureza do anhídrido carbónico.

O anhídrido carbónico utilizado para reforzar ou gasificar as augas que se comercialicen envasadas deberá reunir as condicións que se fixan no Real decreto 1917/1997, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios.

ANEXO II

Normas e criterios para efectuar os recoñecementos do dereito á utilización das denominacións, previstas nos artigos 17 e 18 deste real decreto

Para proceder ós recoñecementos do dereito á utilización das denominacións, deberán efectuarse análises e estudos indicados a seguir para cada tipo de augas, tendo en conta os respectivos criterios de interpretación referentes ó cumprimento das características esixidas:

1. Augas minerais naturais.

1.1 As características básicas destas augas, definidas na alínea B).a) do artigo 2 e especificadas no artigo 17, ambos da presente disposición, que son as que confiren á auga mineral natural as súas propiedades salutaríferas, deberán apreciarse:

1.1.1 Desde os puntos de vista:

- Xeolóxico e hidrolóxico.
- Físico, químico e fisicoquímico.
- Microbiolóxico.
- Farmacolóxico, fisiolóxico e clínico, se for o caso.

1.1.2 Consonte os criterios establecidos no número 1.2 que figura a seguir.

1.1.3 Consonte métodos científicos recoñecidos polas autoridades competentes.

1.2 Normas e criterios para a comprobación do cumprimento das características esixidas, para efectos dos recoñecementos.

1.2.1 Normas aplicables ós estudos xeolóxicos e hidrolóxicos. Deberanse esixir en especial:

- A situación exacta da captación, con indicación da súa altitude, sobre un mapa de escala non superior a 1/1.000.
- Un informe xeolóxico detallado sobre a orixe e a natureza do terreo.
- A estratigrafía do xacigo hidrolóxico.
- Unha descrición das obras e instalacións de captación.
- As medidas de protección do manancial e zona circundante contra a contaminación.

1.2.2 Normas aplicables ás análises e estudos físicos, químicos e fisicoquímicos. Deberanse determinar mediante eles:

- O caudal do manancial.
- A temperatura da auga nos puntos de emerxencia e a temperatura ambiente.
- A relación existente entre a natureza do terreo e a natureza e o tipo de mineralización.
- O residuo seco a 180 °C e 260 °C.
- A conductividade ou a resistividade eléctrica, precisándose a temperatura á que se efectuase a medición.
- A concentración de ións hidróxeno (pH).
- Os aniões e catións.
- Os elementos non ionizados.
- Os oligoelementos.
- A radioactividade nos puntos de emerxencia.
- Os niveis relativos de isótopos dos compoñentes da auga, osíxeno (^{16}O - ^{18}O) e hidróxeno (protio, deuterio, tritio), se for o caso.
- A toxicidade de determinados compoñentes da auga, tendo en conta os límites fixados a este respecto para cada un deles.

1.2.3 Normas aplicables ás análises microbiolóxicas da auga nos puntos de emerxencia. Estas análises deberán incluí-lo seguinte:

- Demostración da ausencia de parasitos e de microorganismos patóxenos.
- Contaxe total de microorganismos revivificables indicativos de contaminación fecal:

b.1) Ausencia do «Escherichia coli» e outros coliformes en 250 mililitros a 37 °C e 44,5 °C.

ó

- b.2) Ausencia de estreptococos fecais en 250 mililitros.
 b.3) Ausencia de clostridios sulfito reductores en 50 mililitros.
 b.4) Ausencia de pseudomonas aeruginosa en 250 mililitros.

c) Contaxe total de microorganismos revivificables por mililitro de auga:

c.1) Incubados entre 20 °C e 22 °C durante setenta e dúas horas en placas de ágar ou de mestura ágar-xelatina.

c.2) Incubados a 37 °C durante vintecatro horas en placas de ágar.

1.2.4 Normas aplicables ás análises clínicas e farmacolóxicas:

a) Estas análises efectuaranse con métodos cientificamente recoñecidos e deberanse adaptar ás características propias da auga mineral natural e ós seus efectos no organismo humano (diuresis, funcións gastrointestinais, compensación de carencia de substancias minerais).

b) A comprobación da constancia e da concordancia en gran número de observacións clínicas poderá substituír, se é o caso, as análises ás que fai referencia o número 1.2.4.a) anterior. Estas mesmas análises poderán ser substituídas por exames clínicos cando a constancia e a concordancia dun gran número de observacións permitan obter os mesmos resultados.

1.3 Xuntarase un cadro que abrangue os datos relativos ó caudal, temperatura, composición química e características microbiolóxicas da auga, referidos a cada un dos doce meses precedentes á presentación da solicitude.

1.4 As certificacións establecidas no número b).1.º do artigo 17 da presente disposición para as augas procedentes de países non pertencentes á Unión Europea deberán deixar constancia do cumprimento das seguintes esixencias:

1.4.1 A conformidade das ditas augas co disposto nos números 1.1 do anexo I e 1.1 do anexo II.

1.4.2 Que se procedeu ó control permanente da aplicación do disposto nos números a).1.º e a).2.º do artigo 3; o número 1 do artigo 5; os números a).1.º e a).2.º do artigo 6 e o número 1 do artigo 7 deste real decreto.

2. Augas de manancial.

Con obxecto de comproba-lo cumprimento das esixencias impostas a este tipo de augas, e en particular das establecidas no artigo 18 deste real decreto, esixírase, para efectuar os recoñecementos, a realización dos estudos e análises contempladas nas normas establecidas nos números 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3 e 1.3 do presente anexo, aplicándolle-las correspondentes criterios de interpretación acordados coa súa natureza.

ANEXO III

Esixencias específicas da etiquetaxe das augas minerais naturais complementarias das xerais establecidas no artigo 2.º deste real decreto

Autorízase a utilización das mencións que figuran a seguir, sempre que respecten os correspondentes criterios fixados e a condición do seu establecemento sobre a base de análises físicoquímicas e, se for preciso, de exames farmacolóxicos, fisiolóxicos e clínicos efectuados segundo métodos cientificamente recoñecidos, consono o disposto no número 1 do anexo II.

Mencións	Criterios para efectuar as mencións con base en contidos
De mineralización moi débil . Oligometálicas ou de mineralización débil	Ata 50 mg/l de residuo seco.
De mineralización forte	Ata 500 mg/l de residuo seco. Máis de 1.500 mg/l de residuo seco.
Bicarbonatada	Máis de 600 mg/l de bicarbonato.
Sulfatada	Máis de 200 mg/l de sulfatos.
Clorurada	Máis de 200 mg/l de cloruro.
Cálcica	Máis de 150 mg/l de calcio.
Magnésica	Máis de 50 mg/l de magnesio.
Fluorada, ou que contén fluoruros	Máis de 1 mg/l de fluoruros.
Ferruxinosa, ou que contén ferro	Máis de 1 mg/l de ferro bivalente.
Acidulada	Máis de 250 mg/l de CO ₂ libre.
Sódica	Máis de 200 mg/l de sodio.
Indicada para a preparación de alimentos infantís. Indicada para dietas pobres en sodio	Ata 20 mg/l de sodio.
Pode ter efectos laxantes. Pode ser diurética.	

ANEXO IV

Parámetros e valores paramétricos

PARTE A

Parámetros microbiolóxicos

Parámetro	Valor paramétrico
Escherichia coli (E-coli)	0/250 ml
Enterococos	0/250 ml
Pseudomonas aeruginosa	0/250 ml
Contaxe de colonias a 22 °C/Incubación 72 horas	100/ml
Contaxe de colonias a 37 °C/Incubación 24 horas	20/ml
Clostridios sulfitorreductores *	0/50 ml

* Para as augas minerais naturais e augas de manancial.

PARTE B
Parámetros químicos

Parámetro	Valor paramétrico	Unidade	Notas
Acrilamida	0,10	µg/l	Nota 1
Antimonio	5,0	µg/l	
Arsénico	10	µg/l	
Benceno	1,0	µg/l	
Benzo(a)pireno	0,010	µg/l	
Boro	1,0	mg/l	
Bromato	10	µg/l	Nota 2
Cadmio	5,0	µg/l	
Cromo	50	µg/l	Nota 3
Cobre	2,0	mg/l	Nota 3
Cianuro	50	µg/l	
1,2-dicloroetano	3,0	µg/l	
Epiclorhidrina	0,10	µg/l	Nota 1
Fluoruro *	1,5	mg/l	
Chumbo	10	µg/l	Nota 3
Mercurio	1,0	µg/l	
Níquel	20	µg/l	Nota 3
Nitrato	50	mg/l	Nota 4
Nitrito	0,50	mg/l	Nota 4
Pesticidas	0,10	µg/l	Notas 5 e 6
Total pesticidas	0,50	µg/l	Notas 5 e 7
Hidrocarburos policíclicos aromáticos	0,10	µg/l	Suma de concentracións de compostos especificados; nota 8.
Selenio	10	µg/l	
Tetracloroetano e tricloroetano	10	µg/l	Suma de concentracións de parámetros especificados.
Total trihalometanos	100	µg/l	Suma de concentracións de compostos especificados; nota 9.
Cloruro de vinilo	0,50	µg/l	Nota 1

* Excepto nas augas minerais naturais. Terase en conta para a etiquetaxe do fluoruro o disposto no anexo III.

Nota 1: o valor do parámetro refírese á concentración monomérica residual na auga, calculada consonte as características da migración máxima do polímero correspondente en contacto coa auga.

Nota 2: cando sexa posible sen que afecte á desinfección, deberase procurar que o valor sexa máis baixo.

Nota 3: o valor aplícase a unha mostra de auga destinada ó consumo humano, obtida por un método adecuado de mostraxe, sempre que sexa representativa dun valor medio semanal inxerido polos consumidores.

Nota 4: á saída das instalacións, o valor dos nitritos debe ser $\leq 0,10$ mg/l, cumprindo, ademais, a condición de que $[\text{nitrato}]/50 + [\text{nitrito}]/3 \leq 1$. Os corchetes significan concentracións en mg/l para o nitrato (NO_3) e para o nitrito (NO_2).

Nota 5: por «pesticidas» enténdese: insecticidas orgánicos, herbicidas orgánicos, fungicidas orgánicos, nematocidas orgánicos, acaricidas orgánicos, alxicidas orgánicos, rodenticidas orgánicos, molusquicidas orgánicos, produtos relacionados (entre outros, reguladores de crecemento) e os seus pertinentes metabolitos e produtos de degradación e reacción.

Soamente é preciso controlar aqueles pesticidas que sexa probable que estean presentes nunha subministración dada.

Nota 6: o valor paramétrico aplícase a cada un dos pesticidas. No caso da aldrina, a dieldrina, o heptacloro e o heptaclorepóxido, o valor paramétrico é de 0,030 µg/l.

Nota 7: por «total pesticida» enténdese a suma de tódolos pesticidas detectados e cuantificados no procedemento de control.

Nota 8: os compostos especificados son:

Benzo(b)fluoranteno.
Benzo(k)fluoranteno.
Benzo(ghi)perileno.
Indeno(1,2,3-cd)pireno.

Nota 9: cando sexa posible sen que afecte á desinfección, debe obterse un valor máis baixo. Os compostos especificados son: cloroformo, bromoformo, dibromoclorometano, bromodichlorometano.

PARTE C
Parámetros indicadores

Parámetro	Valor paramétrico	Unidade	Notas
Aluminio	200	µg/l	
Amonio	0,50	mg/l	
Cloruro *	250	mg/l	Nota 1

Parámetro	Valor paramétrico	Unidade	Notas
Clostridium perfringens (incluídas esporas). Color	0 Aceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.	n.º/100 ml	Nota 2
Conductividade **	2.500	µS cm ⁻¹ a 20 °C	Nota 1
Concentración en ións hidróxeno	≥ 6,5 e ≤ 9,5	Unidades pH	Notas 1 e 3
Ferro *	200	µg/l	
Manganeso	50	µg/l	
Cheiro	Aceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		
Oxidabilidade	5,0	mg/l O ₂	Nota 4
Sulfato *	250	mg/l	Nota 1
Sodio *	200	mg/l	
Sabor	Aceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		
Contaxe de colonias a 22 °C e a 37° Bacterias coliformes	Sen cambios anómalos. 0	n.º/250 ml	
Carbono orgánico total (COT)	Sen cambios anómalos.		
Turbidez	Aceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		

* Excepto en augas minerais naturais.

** Non se aplicará ás augas minerais naturais e augas de manancial carbónicas en orixe.

RADIOACTIVIDADE *

Parámetro	Valor paramétrico	Unidade	Notas
Tritio	100	Bq/l	Notas 5 e 7
Dose indicativa total	0,10	msv/ano	Notas 6 e 7

* Non será de aplicación ás «augas minerais naturais».

Nota 1: a auga non deberá conter materias corrosivas.

Nota 2: este parámetro é necesario medilo só se a auga procede total ou parcialmente de auga superficial. En caso de incumprimento deste valor paramétrico, investigarase a subministración para asegurarse de que da presenza de microorganismos patóxenos como, por exemplo, o criptosporidium non se desprende perigo potencial ningún para a saúde humana. Débense incluír no libro de rexistro os resultados de todas estas investigacións.

Nota 3: para a auga sen gas envasada, o valor mínimo poderase reducir a 4,5 unidades de pH.

Para a auga envasada en botellas ou outros recipientes que sexa naturalmente rica en dióxido de carbono ou con adición artificial de este, o valor mínimo poderá ser inferior.

Nota 4: non é necesario medir este parámetro se se analiza o parámetro COT.

Nota 5: a periodicidade do control indícase posteriormente, no anexo V.

Nota 6: excluído o tritio, o potasio-40, o radon e os produtos de desintegración do radon. A periodicidade do control, os métodos de control e os lugares máis adecuados para a toma de mostras indícanse posteriormente no anexo V.

Nota 7: non será necesario controla-la auga potable respecto ó tritio nin a radioactividade para establece-la dose indicativa total cando se considere que sobre a base doutros controis levados a cabo os niveis de tritio ou da dose indicativa total da auga se encontran moi por debaixo do valor paramétrico.

ANEXO V

Control

No marco do plan de autocontrol baseado no sistema de análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC) que debe levar a cabo obrigatoriamente cada empresa, de acordo co establecido no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, os seus responsables, sen prexuízo doutras actuacións integradas no dito programa, levarán a cabo, polo menos, os seguintes controis:

CADRO A

Parámetros que se deben analizar

1. Control de comprobación.

Ten por obxecto a obtención de información periódica sobre a calidade organoléptica e microbiolóxica das

augas reguladas pola presente regulamentación, así como para as augas potables preparadas sobre a eficacia do tratamento aplicado, particularmente nos casos de tratamentos de desinfección, co fin de determina-la conformidade desas augas cos seguintes valores paramétricos:

a) Dos parámetros microbiolóxicos da parte A do anexo IV:

Escherichia coli (E-coli).
Pseudomonas aeruginosa.

b) Os parámetros indicadores da parte C do anexo IV:

Aluminio (nota 1).
Amonio.
Clostridium perfringens (incluídas as esporas) (nota 2).
Cor.
Conductividade.

Concentración de ións hidróxeno.
Ferro (nota 1).
Nitrito (nota 3).
Cheiro.
Sabor.
Contaxe de colonias a 22 °C e 37 °C.
Bacterias coliformes.
Turbidez.

O control de comprobación levarase a cabo polo menos coa frecuencia establecida para tal efecto no presente anexo, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da presente disposición, para as augas minerais naturais.

2. Control global ou de auditoría.

Ten por obxecto a comprobación da totalidade dos parámetros establecidos na presente regulamentación, a excepción dos relativos á radioactividade, que serán controlados de acordo cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

O Ministerio de Sanidade e Consumo, por instancia das autoridades competentes das comunidades autónomas, poderá establecer igualmente a posibilidade de

excluir do control sistemático de auditoría, durante o período que determinen, e para unha subministración, manancial ou captación determinados, algún dos parámetros comprendidos nel, cando se viñese constatando regularmente a súa conformidade cos límites establecidos e non concorran circunstancias que puidesen afectar a tales parámetros ata a transgresión dos ditos límites.

O control global ou de auditoría levarase a cabo polo menos coa frecuencia establecida no cadro B do presente anexo, así como sempre que resulte necesario á vista dos resultados dos controis de comprobación ou da detección de calquera incidencia que puidese afectar á potabilidade das augas.

Nota 1: necesario soamente se se utiliza como floculante (*).

Nota 2: necesario soamente se a auga procede total ou parcialmente de augas superficiais (*).

Nota 3: necesario soamente se como desinfectante se utiliza a cloraminación (*).

(*) En tódolos demais casos, os parámetros figuran na lista de control global ou de auditoría.

CADRO B

Frecuencia mínima de mostraxe e análise para as augas envasadas en botellas ou outros recipientes e destinadas á venda

Volume de auga producida por día para a súa venda en botellas ou outros recipientes (1) m ³	Control de comprobación/número de mostrax por ano (frecuencia mínima de mostraxe)	Control de auditoría/número de mostrax por ano
≤ 10	1	1
> 10	12	1
> 60	1 por cada 5 m ³ e fracción do volume total.	1 por cada 100 m ³ e fracción do volume total.

(1) Os volumes calcúlanse como medias ó longo dun ano natural.

ANEXO VI

Especificacións para a análise dos parámetros

Os laboratorios en que se analicen as mostrax deben ter un sistema de control de calidade das análises que será comprobado periodicamente por unha persoa independente do laboratorio que fose autorizada para o efecto pola autoridade competente.

1. Parámetros para os que se especifican métodos de análise. Poderanse utilizar como guía os métodos de análise para os seguintes parámetros, establecidos nas normas UNE/CEN/ISO, en espera da posible adopción futura de novos métodos nacionais e internacionais UNE/CEN/ISO para os ditos parámetros.

Parámetros	Métodos de análise
Bacterias coliformes e Escherichia coli (E. Coli).	ISO 9308-1
Enterococos	ISO 7899-2
Pseudomonas aeruginosa .	pr EN ISO 12780
Enumeración de microorganismos cultivables	
Contaxe de colonias a 22 °C	pr EN ISO 6222

Parámetros	Métodos de análise
Enumeración de microorganismos cultivables	
Contaxe de colonias a 37 °C	pr EN ISO 6222
Clostridium perfringens (incluídas as esporas)	Filtrado sobre membranas e incubación anaerobia da membrana en ágar m-CP (nota 1) a 44 ± 1 °C durante 21 ± 3 horas. Contaxe das colonias de cor amarela opaca que cambien a cor rosa ou vermella ó cabo de 20 a 30 segundos de exposición a vapores de hidróxido amónico.

Nota 1: a composición do ágar m-CP é:

Medio de base:
Triptosa: 30 g.
Extracto de lévedo: 20 g.
Sacarosa: 5 g.
Hidrocloruro de L-cisteína: 1 g.
MgSO₄ - 7H₂O: 0,1 g.
Púrpura de bromocresol: 40 mg.
Ágar: 15 g.
Auga: 1.000 ml.

ó

Disolve-los ingredientes no medio de base, axusta-lo pH a 7,6 e manter no autoclave a 121 °C durante quince minutos. Deixar arrefece-lo medio e engadir:

D-cicloserina: 400 mg.

B-sulfato de polimixina: 25 mg.

(β-D-glucosuro de indoxil: 60 mg.

(Deberase disolver en 8 ml de auga destilada estéril antes de engadirse).

Solución de difosfato de fenolftaleína ó 0,5 por 100 esterilizada por filtración: 20 ml.

FeCl₃·6H₂O ó 4,5 por 100 esterilizada por filtración: 2 ml.

2. Parámetros para os que se especifican resultados característicos.

2.1 En relación cos seguintes parámetros, os resultados característicos que se especifican supoñen que o método de análise utilizado será capaz, como mínimo, de medir concentracións iguais ó valor do parámetro coa exactitude, precisión e límite de detección especificados. Sexa cal for a sensibilidade do método de análise empregado, o resultado expresarase empregando como mínimo a mesma cantidade de decimais que para o valor paramétrico considerado nas partes B e C do anexo IV.

Parámetros	Exactitude % do valor paramétrico (nota 1)	Precisión % do valor paramétrico (nota 2)	Límite de detección % do valor paramétrico (nota 3)	Condicións	Notas
Acrilamida				Controlar segundo a especificación do produto.	
Aluminio	10	10	10		
Amonio	10	10	10		
Antimonio	25	25	25		
Arsénico	10	10	10		
Benzo(a)pireno	25	25	25		
Benceno	25	25	25		
Boro	10	10	10		
Bromato	25	25	25		
Cadmio	10	10	10		
Cloruro	10	10	10		
Cromo	10	10	10		
Conductividade	10	10	10		
Cobre	10	10	10		
Cianuro	10	10	10		Nota 4
1,2-dicloroetano	25	25	10		
Epiclorhidrina				Controlar segundo a especificación do produto.	
Fluoruro	10	10	10		
Ferro	10	10	10		
Chumbo	10	10	10		
Manganeso	10	10	10		
Mercurio	20	10	20		
Níquel	10	10	10		
Nitrato	10	10	10		
Nitrito	10	10	10		
Oxidabilidade	25	25	10		Nota 5
Pesticidas	25	25	25		Nota 6
Hidrocarburos policíclicos aromáticos.	25	25	25		Nota 7
Selenio	10	10	10		
Sodio	10	10	10		
Sulfato	10	10	10		
Tetracloroetano	25	25	10		Nota 8
Tricloroetano	25	25	10		Nota 8
Total THM	25	25	10		Nota 7
Cloruro de vinilo				Controlar segundo a especificación do produto.	

2.2 Con respecto á concentración en ión hidróxeno, as características que se especifican para os resultados supoñen que o método de análise aplicado pode medir concentracións iguais ó valor do parámetro cunha exactitude de 0,2 unidades pH e unha precisión de 0,2 unidades pH.

Nota 1 (*): por exactitude enténdese o erro sistemático e representa a diferenza entre o valor medio do gran número de medicións reiteradas e o valor exacto.

Nota 2 (*): por precisión enténdese o erro aleatorio e exprésase habitualmente como a desviación típica (dentro de cada lote e entre lotes) da dispersión de resultados arredor da media. Considérase unha precisión aceptable o dobre da desviación típica relativa.

(*) Estes termos defínense con maior detalle na norma ISO 5725.

Nota 3: o límite de detección é, xa sexa o triplo da desviación típica relativa dentro do lote dunha mostra natural que conteña unha baixa concentración do parámetro, ou ben o quintuplo da desviación típica relativa dentro do lote dunha mostra en branco.

Nota 4: o método debe determina-lo cianuro total en tódalas formas.

Nota 5: a oxidación deberá efectuarse durante dez minutos a 100 .°C en condicións de acidez utilizando permanganato.

Nota 6: os resultados característicos aplícanse a cada un dos pesticidas e dependerán do pesticida de que se trate.

Nota 7: os resultados característicos aplícanse a cada unha das substancias especificadas ó 25 por 100 do valor paramétrico no anexo IV.

Nota 8: os resultados característicos aplícanse a cada unha das substancias especificadas ó 50 por 100 do valor paramétrico no anexo IV.

3. Parámetros para os que non se especifica ningún método de análise.

Cor.
Cheiro.
Sabor.
Carbono orgánico total.
Turbidez (nota 1).

Nota 1: para o control da turbidez na auga superficial tratada, os resultados característicos especificados consisten en que o método de análise utilizado deberá poder medir como mínimo as concentracións iguais ó valor paramétrico cunha exactitude do 25 por 100, unha precisión do 25 por 100 e un límite de detección do 25 por 100.

20933 REAL DECRETO 1073/2002, do 18 de outubro, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno e monóxido de carbono. («BOE» 260, do 30-10-2002.)

A Directiva 96/62/CE do Consello, do 27 de setembro de 1996, sobre avaliación e xestión da calidade do aire, modifica a normativa anteriormente existente no ámbito comunitario, partindo da recomendación de establecer obxectivos de calidade do aire recollida no V Programa de acción en materia de ambiente. Tal modificación obedece a un enfoque xeral sobre a propia avaliación da calidade do aire, adoptando criterios para o uso e a exactitude nas técnicas de avaliación, así como a definición duns obxectivos de calidade que se deberán alcanzar mediante unha planificación axeitada.

Este enfoque xeral, que precisa do conseguinte desenvolvemento en relación coas distintas substancias contaminantes para manter unha boa calidade do aire e melloralas cando resulte necesario, veuse concretar na Directiva 1999/30/CE do Consello, do 22 de abril de 1999, relativa ós valores límite de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente (modificada pola Decisión da Comisión 2001/744/CE, do 17 de outubro), así como na Directiva 2000/69/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2000, sobre os valores límite para o benceno e o monóxido de carbono no aire ambiente.

No noso ordenamento xurídico, a regulación existente en relación cos contaminantes regulados parte da Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, desenvolvida polo Decreto 833/1975, do 6 de febreiro. A incorporación da anterior normativa comunitaria na materia levouse a cabo, con sucesivas adaptacións, mediante o Real decreto 1613/1985, do 1 de agosto, polo que se modifica parcialmente o Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, e se establecen novas normas de calidade do aire no referente a contaminación por dióxido de xofre e partículas, así como a través do Real decreto 717/1987, do 27 de maio, polo que se modifica parcialmente o Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, e se establecen novas normas de calidade do aire no referente a contaminación por dióxido de nitróxeno e chumbo.

A obrigada incorporación ó dereito interno das normas comunitarias anteriormente citadas comporta unha revisión importante da nosa regulación sectorial, que particularmente se concreta nas correspondentes disposicións regulamentarias sobre calidade do aire referidas ás distintas substancias contaminantes.

A necesaria base legal deste real decreto encóntrase na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, que esixe a adopción de medidas para mante-la calidade e pureza do aire, habilitando o Goberno para determina-los niveis de inmisión, entendendo por tales os límites máximos tolerables de presenza na atmosfera de cada contaminante, illadamente ou asociado con outros, se é o caso, e posibilitando a adopción de niveis de emisión máis estrictos cós de carácter xeral cando, mesmo observándose estes e ponderando debidamente as circunstancias, considere que resultan directa e gravemente prexudicados persoas ou bens, ou se superen os niveis xerais de inmisión. Así mesmo, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, atribúelle á Administración do Estado, sen menoscabo das competencias das comunidades autónomas, a determinación, con carácter xeral, dos métodos de análise e medición e dos requisitos e condicións mínimas en materia de control sanitario do ambiente.

De acordo co anterior, e en consonancia coa citada normativa comunitaria obxecto de transposición, este real decreto inclúe disposicións sobre avaliación e xestión da calidade do aire que afectan, de forma xeral, as distintas substancias contaminantes, así como preceptos particulares relativos a cada un dos ditos contaminantes, establecendo obxectivos de calidade do aire que se deberán alcanzar, mediante unha planificación adecuada, nas datas que se fixan coa determinación dos correspondentes valores límite.

Isto deberá permitir, a partir dos métodos e criterios de avaliación que se establecen, e para as zonas e aglomeracións derivadas dos valores límite, o mantemento da calidade do aire ou a súa mellora cando for precisa, conforme os plans de actuación que ó respecto se adopten, incluíndo, así mesmo, as medidas máis severas previstas para os episodios en que os limiares de alerta fixados poidan ser superados.

Por último, ademais da información que se lles deberá subministrar a cidadáns e organizacións, establécense tamén mediante este real decreto as canles necesarias para lles dar cumprimento tanto á Decisión 97/101/CE do Consello, do 27 de xaneiro de 1997, pola que se establece un intercambio recíproco de información e datos das redes e estacións illadas de medición da contaminación nos estados membros, modificada pola Decisión 2001/752/CE da Comisión, do 17 de outubro de 2001, como, así mesmo, á Decisión 2001/839/CE da Comisión, do 8 de novembro de 2001, establecendo un cuestionario que se debe utilizar para presentar información anual sobre a avaliación da calidade do aire ambiente de conformidade coas Directivas 96/62/CE e 1990/30/CE do Consello. Desta maneira quedan determinados os formatos e a periodicidade que permiten un tratamento da información de forma harmonizada, con métodos e criterios comúns.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2002,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto definir e establecer valores límite e limiares de alerta con respecto ás con-